

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

2709 *Lei orgánica 1/2014, do 13 de marzo, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, relativa á xustiza universal.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa modificación do artigo 23 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, operada pola Lei orgánica 1/2009, do 3 de novembro, produciuse un cambio na regulación e formulación da chamada xustiza universal. Na formulación da dita reforma latexaba a idea de perfilar a competencia da xurisdición española, ampliando por unha banda os delitos que, téndose cometido fóra do territorio nacional e independentemente da nacionalidade do seu autor, son susceptibles de ser investigados pola xurisdición española e, por outra banda, definindo as condicións que se debían dar para que a xustiza española for competente, adaptando a xustiza universal ao principio de subsidiariedade e á xurisprudencia constitucional e do Tribunal Supremo.

Pasaron catro anos desde que a mencionada reforma entrou en vigor e a realidade demostrou que hoxe en día a xurisdición universal non se pode concibir senón desde os límites e as exixencias propias do dereito internacional. A extensión da xurisdición nacional fóra das propias fronteiras, meténdose no ámbito da soberanía doutro Estado, debe quedar circunscrita aos ámbitos que, previstos polo dereito internacional, deban ser asumidos por España en cumprimento dos compromisos internacionais adquiridos: a extensión da xurisdición española máis alá dos límites territoriais españois debe vir lexitimada e xustificada pola existencia dun tratado internacional que o prevexa ou autorice, o consenso da comunidade internacional. Ao mesmo tempo, a regulación da materia débese axustar aos compromisos derivados da ratificación por España, o 19 de outubro de 2000, do Estatuto da Corte Penal Internacional, como instrumento esencial na loita por unha orde internacional máis xusta baseada na protección dos dereitos humanos.

Nesa mesma liña de dar cumprimento ás obrigas impostas polos tratados internacionais que España ratificou, faise necesario ampliar a lista de delitos que, cometidos fóra do territorio nacional, son susceptibles de ser perseguidos pola xurisdición española. Tal é o caso, por exemplo, dos delitos regulados no Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica, na Convención contra a tortura e outros tratos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes, os delitos de corrupción de axente público estranxeiro previstos no Convenio da OCDE, delitos cuxas previsións se incorporaron ao Código penal, aínda que quedaba pendente a definición dos aspectos de xurisdición que agora se incorporan na presente lei.

Ese é o sentido que inspira a reforma que agora se leva a cabo: delimitar con claridade, con plena aplicación do principio de legalidade e reforzando a seguridade xurídica, os supostos en que a xurisdición española pode investigar e coñecer de delitos cometidos fóra do territorio en que España exerce a súa soberanía.

Con esta finalidade, precísanse os límites positivos e negativos da posible extensión da xurisdición española: cómpre que o lexislador determine, dunha maneira axustada ao teor dos tratados internacionais, qué delitos cometidos no estranxeiro poden ser

perseguidos pola xustiza española e en que casos e condicións. A persecución de delitos cometidos fóra de España ten, ademais, un carácter excepcional que xustifica que a apertura dos procedementos se deba condicionar á presentación de querela polo Ministerio Fiscal ou pola persoa agraviada polo delito.

Tamén se delimita con carácter negativo a competencia dos tribunais españois e se define con claridade o principio de subsidiariedade. Nese sentido, exclúese a competencia dos tribunais españois cando xa se iniciase un procedemento nun tribunal internacional ou pola xurisdición do país en que fosen cometidos ou de nacionalidade da persoa á cal se lle impute a súa comisión. Nestes dous últimos casos, sempre que a persoa a que se imputen os feitos non se encontre en España ou, estando en España, vaia ser extraditada a outro país ou transferida a un tribunal internacional, nos termos e condicións que se establecen.

En todo caso, os xuíces e tribunais españois reservan para si a posibilidade de continuar exercendo a súa xurisdición se o Estado que a exerce non está disposto a levar a cabo a investigación ou non pode realmente facelo. A valoración destas circunstancias, que pola súa relevancia corresponderá á Sala 2.^a do Tribunal Supremo, levarase a cabo conforme os criterios recollidos no Estatuto da Corte Penal Internacional.

A regulación introduce límites á xurisdición española que deben ser aplicados ás causas actualmente en trámite, pois os tribunais españois non poden continuar procedementos sobre os cales xa carezan de xurisdición.

Artigo único. *Modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

A Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícanse os números 2, 4 e 5 do artigo 23 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e introdúcese un novo número 6 no dito artigo 23 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial. Todos eles quedan redactados da seguinte maneira:

«2. Tamén coñecerá a xurisdición española dos delitos que fosen cometidos fóra do territorio nacional, sempre que os criminalmente responsables sexan españois ou estranxeiros que adquirisen a nacionalidade española con posterioridade á comisión do feito e que concorran os seguintes requisitos:

a) Que o feito sexa punible no lugar de execución salvo que, en virtude dun tratado internacional ou dun acto normativo dunha organización internacional da cal España sexa parte, non resulte necesario este requisito, sen prexuízo do disposto nas alíneas seguintes.

b) Que o agraviado ou o Ministerio Fiscal interpoñan querela perante os tribunais españois.

c) Que o delincente non fose absolto, indultado ou penado no estranxeiro, ou, neste último caso, non cumprise a condena. Se só a tivese cumprido en parte, teráselle en conta para rebaixarlle proporcionalmente a que lle corresponda.»

«4. Igualmente, será competente a xurisdición española para coñecer dos feitos cometidos por españois ou estranxeiros fóra do territorio nacional susceptibles de tipificarse, segundo a lei española, como algún dos seguintes delitos cando se cumpran as condicións expresadas:

a) Xenocidio, lesa humanidade ou contra as persoas e bens protexidos en caso de conflito armado, sempre que o procedemento se dirixa contra un español ou contra un cidadán estranxeiro que resida habitualmente en España, ou contra un estranxeiro que se encontrase en España e cuxa extradición fose denegada polas autoridades españolas.

b) Delitos de tortura e contra a integridade moral dos artigos 174 a 177 do Código penal, cando:

1.º O procedemento se dirixa contra un español.

2.º A vítima teña nacionalidade española no momento de comisión dos feitos e a persoa a que se impute a comisión do delito se encontre en territorio español.

c) Delitos de desaparición forzada incluídos na Convención internacional para a protección de todas as persoas contra as desaparicións forzadas, feita en Nova York o 20 de decembro de 2006, cando:

1.º O procedemento se dirixa contra un español.

2.º A vítima teña nacionalidade española no momento de comisión dos feitos e a persoa a que se impute a comisión do delito se encontre en territorio español.

d) Delitos de pirataría, terrorismo, tráfico ilegal de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas, trata de seres humanos, contra os dereitos dos cidadáns estranxeiros e delitos contra a seguridade da navegación marítima que se cometan nos espazos mariños, nos supostos previstos nos tratados ratificados por España ou en actos normativos dunha organización internacional da cal España sexa parte.

e) Terrorismo, sempre que concorra algún dos seguintes supostos:

1.º O procedemento se dirixa contra un español;

2.º O procedemento se dirixa contra un estranxeiro que resida habitualmente en España;

3.º O delito se cometese por conta duna persoa xurídica con domicilio en España;

4.º A vítima teña nacionalidade española no momento de comisión dos feitos;

5.º O delito fose cometido para influír ou condicionar dunha forma ilícita a actuación de calquera autoridade española;

6.º O delito fose cometido contra unha institución ou organismo da Unión Europea que teña a súa sede en España;

7.º O delito fose cometido contra un buque ou aeronave con pavillón español; ou,

8.º O delito se cometese contra instalacións oficiais españolas, incluíndo as súas embaixadas e consulados.

Para estes efectos, enténdese por instalación oficial española calquera instalación permanente ou temporal en que desenvolvan as súas funcións públicas autoridades ou funcionarios públicos españois.

f) Os delitos contidos no Convenio para a represión do apoderamento ilícito de aeronaves, feito na Haia o 16 de decembro de 1970, sempre que:

1.º O delito fose cometido por un cidadán español.

2.º O delito se cometese contra unha aeronave que navegue baixo pavillón español.

g) Os delitos contidos no Convenio para a represión de actos ilícitos contra a seguridade da aviación civil, feito en Montreal o 23 de setembro de 1971, e no seu Protocolo complementario, feito en Montreal o 24 de febreiro de 1988, nos supostos autorizados por este.

h) Os delitos contidos no Convenio sobre a protección física de materiais nucleares, feito en Viena e Nova York o 3 de marzo de 1980, sempre que o delito o cometese un cidadán español.

i) Tráfico ilegal de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas, sempre que:

1.º O procedemento se dirixa contra un español.

2.º Cando se trate da realización de actos de execución dun destes delitos ou de constitución dun grupo ou organización criminal con vistas á súa comisión en territorio español.

j) Delitos de constitución, financiamento ou integración en grupo ou organización criminal ou delitos cometidos no seu seo, sempre que se trate de grupos ou organizacións que actúen con vista á comisión en España dun delito que estea castigado cunha pena máxima igual ou superior a tres anos de prisión.

k) Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual cometidos sobre vítimas menores de idade, sempre que:

1.º O procedemento se dirixa contra un español;

2.º O procedemento se dirixa contra un cidadán estranxeiro que resida habitualmente en España;

3.º O procedemento se dirixa contra unha persoa xurídica, empresa, organización, grupos ou calquera outra clase de entidades ou agrupacións de persoas que teñan a súa sede ou domicilio social en España;

4.º O delito se cometese contra una vítima que, no momento de comisión dos feitos, teña nacionalidade española ou residencia habitual en España.

l) Delitos regulados no Convenio do Consello de Europa, do 11 de maio de 2011, sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica, sempre que:

1.º O procedemento se dirixa contra un español;

2.º O procedemento se dirixa contra un estranxeiro que resida habitualmente en España.

3.º O delito se cometese contra una vítima que, no momento de comisión dos feitos, teña nacionalidade española ou residencia habitual en España, sempre que a persoa a que se impute a comisión do feito delituoso se encontre en España.

m) Trata de seres humanos, sempre que:

1.º O procedemento se dirixa contra un español;

2.º O procedemento se dirixa contra un cidadán estranxeiro que resida habitualmente en España;

3.º O procedemento se dirixa contra unha persoa xurídica, empresa, organización, grupos ou calquera outra clase de entidades ou agrupacións de persoas que teñan a súa sede ou domicilio social en España;

4.º O delito se cometese contra una vítima que, no momento de comisión dos feitos, teña nacionalidade española ou residencia habitual en España, sempre que a persoa a que se impute a comisión do feito delituoso se encontre en España.

n) Delitos de corrupción entre particulares ou nas transaccións económicas internacionais, sempre que:

1.º O procedemento se dirixa contra un español;

2.º O procedemento se dirixa contra un cidadán estranxeiro que resida habitualmente en España;

3.º O delito fose cometido polo directivo, administrador, empregado ou colaborador dunha empresa mercantil, ou dunha sociedade, asociación, fundación ou organización que teña a súa sede ou domicilio social en España;

4.º O delito fose cometido por unha persoa xurídica, empresa, organización, grupos ou calquera outra clase de entidades ou agrupacións de persoas que teñan a súa sede ou domicilio social en España.

o) Delitos regulados no Convenio do Consello de Europa, do 28 de outubro de 2011, sobre falsificación de produtos médicos e delitos que supoñan unha ameaza para a saúde pública, cando:

1.º O procedemento se dirixa contra un español;

2.º O procedemento se dirixa contra un estranxeiro que resida habitualmente en España;

3.º O procedemento se dirixa contra unha persoa xurídica, empresa, organización, grupos ou calquera outra clase de entidades ou agrupacións de persoas que teñan a súa sede ou domicilio social en España;

4.º A vítima teña nacionalidade española no momento de comisión dos feitos; ou,

5.º O delito se cometese contra unha persoa que teña residencia habitual en España no momento de comisión dos feitos.

p) Calquera outro delito cuxa persecución se impoña con carácter obrigatorio por un tratado vixente para España ou por outros actos normativos dunha organización internacional da cal España sexa membro, nos supostos e condicións que se determinen neles.

Así mesmo, a xurisdición española será tamén competente para coñecer dos delitos anteriores cometidos fóra do territorio nacional por cidadáns estranxeiros que se encontrasen en España e cuxa extradición fose denegada polas autoridades españolas, sempre que así o impoña un tratado vixente para España.»

«5. Os delitos a que se refire o punto anterior non serán perseguibles en España nos seguintes supostos:

a) Cando se iniciase un procedemento para a súa investigación e axuizamento nun tribunal internacional constituído conforme os tratados e convenios en que España sexa parte.

b) Cando se iniciase un procedemento para a súa investigación e axuizamento no Estado do lugar en que se cometesen os feitos ou no Estado de nacionalidade da persoa a que se impute a súa comisión, sempre que:

1.º A persoa a que se impute a comisión do feito non se encontrase en territorio español; ou,

2.º Se iniciase un procedemento para a súa extradición ao país do lugar en que se cometesen os feitos ou de cuxa nacionalidade sexan as vítimas, ou para poñelo á disposición dun tribunal internacional para que sexa xulgado por eles, salvo que a extradición non fose autorizada.

O disposto nesta alínea b) non será de aplicación cando o Estado que exerza a súa xurisdición non estea disposto a levar a cabo a investigación ou non poida realmente facelo, e así o valore a Sala 2.^a do Tribunal Supremo, á cal elevará exposición razoada o xuíz ou tribunal.

Co fin de determinar se hai ou non disposición a actuar nun asunto determinado, examínase, tendo en conta os principios dun proceso coas debidas garantías recoñecidas polo dereito Internacional, se se dá unha ou varias das seguintes circunstancias, segundo o caso:

a) Que o xuízo xa estivese ou estea en marcha ou que a decisión nacional fose adoptada co propósito de subtraer a persoa de que se trate da súa responsabilidade penal.

b) Que houbera unha demora inxustificada no xuízo que, dadas as circunstancias, sexa incompatible coa intención de facer comparecer ante a xustiza a persoa de que se trate.

c) Que o proceso non fose ou non estivese sendo substanciado de maneira independente ou imparcial e fose ou estea sendo substanciado de forma en que, dadas as circunstancias, sexa incompatible coa intención de facer comparecer ante a xustiza a persoa de que se trate.

Co fin de determinar a incapacidade para investigar ou axuizar nun asunto determinado, examínase se o Estado, debido ao colapso total ou substancial da súa administración nacional de xustiza ou ao feito de que carece dela, non pode facer comparecer o acusado, non dispón das probas e dos testemuños necesarios ou non está, por outras razóns, en condicións de levar a cabo o xuízo.»

«6. Os delitos a que se refiren os números 3 e 4 soamente serán perseguibles en España logo de interposición de querela polo agraviado ou polo Ministerio Fiscal.»

Dous. Introdúcese un ordinal 4.º no número 1 do artigo 57 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, coa seguinte redacción:

«4.º Dos demais asuntos que lle atribúa esta lei.»

Disposición transitoria única.

As causas que, no momento de entrada en vigor desta, lei estean en tramitación polos delitos a que se fai referencia nela quedarán sobresidas mentres non se acredite o cumprimento dos requisitos establecidos nela.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto, mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 13 de marzo de 2014.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY